

Nº2
MAIO 2008

www.feplac.net

GANDEIROS

GALEGOS



Reunión da mesa do leite celebrada o 22 de maio de 2008

Contrato homologado

As caras fortes e duras

Xuntanza Abril 2008

¿Está en dúbida a continuidade do sistema de cota láctea?

Axudas

CONTRATO HOMOLOGADO

FEPLAC leva tempo pedindo a elaboración dun contrato homologado de compravenda de leite na que participan tódalas partes interesadas, un contrato cunha firme base fáctica e xurídica. Os recentemente asinados a nivel galego e nacional carecen absolutamente do rigor necesario e así:

1.- A través da INLAC, o 21 de maio de 2008 se asina un contrato de aplicación nacional, elaborado sin a presenza de asociacións de produtores, nen de consellos reguladores, entoutros; eso sí, están presentes os sindicatos, aínda que non todos asinan, e do sector industrial están case todos a través da FENIL.

Un contrato homologado confeccionado con pretensión de ser empregado en TÓDALAS RELACIÓNS COMERCIAIS DE COMPRAVENDA DE LEITE, con presenza da administración e no que deberían intervir TÓDOLAS PARTES INVOLUCRADAS, debe acoller de principio un acordo sobre o prezo, porque se nada se estipula "oficialmente"

sobre este particular, poderíanse deixar as relacións entre industrias e gandeiros coma ata o de agora, contratando entrambos un prezo determinado para a súa relación mercantil, ¿para qué logo un contrato homologado?, ¿cal é a súa utilidade?.

Pero o que é máis sangrante, os conflitos entre comprador e vendedor se resolven por unha "comisión de seguimento", ¿qué clase de figura xurídica é esa?, ¿qué principios de imparcialidade e legalidade a avalan?, ¿quenes a compoñen?, ¿qué coñecementos xurídicos teñen os seus membros?...pero HAI MÁIS, "a comisión de seguimento pode delegar a súa función noutro organismo", ¿en qué organismo?, ¿na banda municipal?, ¿na asociación de amigos do embigo?, ¿no grupo de música cacerolas band?. PARA RESOLVER OS CONFLICTOS DERIVADOS DO INCUMPLIMENTO DUN CONTRATO ESTÁN OS XULGADOS...

Os asinantes deste contrato, curiosa e lamentablemente, saen triunfantes.

2.- O día 22 de maio de 2008, a mesa do leite en Galicia, excluindo, como xa é costume, aos importantes produtores galegos, FEPLAC entroutros, consellos reguladores con denominación de orixe, onde se ten que empregar leite galega, como poden ser tetilla de Galicia, con varias fábricas deste produto e centos de gandeiros e miles de litros adicados a este destino; ou a denominación Arzúa Ulloa, que conta con máis de vinte queixerías fabricando e tamén centos de gandeiros e miles de litros de leite afectados...non se contou con eles, pero tampouco se oíu a súa voz de alarma. Coma en Madrid, estiveron os sindicatos, pero non asinaron todos, desmarcouse SLG; polo sector industrial asinou unha minoría a diferenza de Madrid, só Río, Lagasa, Feiraco e queixería Prado; outras industrias non asinaron, quizáis por non caer na incoherencia coma algún sindicalista que asinara en Madrid un gran acordo pero o de Galicia era millor co de Madrid...e outros que houbese, que, de seguro, mellorarían o "inmellorable"...

Nembargantes, pensamos que outras industrias sí asinarán porque o contrato é un mirlo branco para eles, toda liberdade de actuación e práctica ausencia de decisión para o proveedor.

Ámbolos dous documentos seguen unha mesma liña de contratación, sen grandes diferencias. A iso non se lle pode chamar un contrato homologado dun sector concreto que atenda por igual aos intereses das partes contratantes, máxime coa intervención da administración. Iso é un modelo de contrato como hai mil.

A xuntanza da mesa do leite para a aprobación do documento pospúxose do día 6 de maio ao 22 a petición das industrias, para poder pagar primeiro o mes de abril con prezo máis baixo, así foi; os sindicatos non denunciaron estes feitos, nen atacaron ningunha fábrica...qué estrano interés ocultaba esta asombrosa actitude pacífica?, saír na foto do gran acontecemento?, a sinatura dun gran acordo?.

Dende FEPLAC manifestamos a nosa decepción por estes contratos, estamos a traballar na elaboración dun que sí cumpla as regras mínimas da equidade e desaconsellamos aos nosos socios que os inclúan nas súas relacións coas industrias lácteas porque nos parece absolutamente ineficaz, e queremos deixar constancia de que cremos que a súa confección é interesada de cara ás industrias ignorando, como xa é habitual, os intereses dos gandeiros.

AS CARAS FORTES E DURAS DO SECTOR

A empresa RENY-PICOT, propiedade de D. Francisco Rodríguez está a facer unha ampliación do mercado de leite envasado en brick, ocupando espazos que ata fai pouco ocupaban outras empresas do sector, xa que compra leite nestes momentos a prezo moi baixo, e, no canto de facer leite en polvo, como debería, acaba envasando en brick, a verdade é que con esta práctica gaña moito diñeiro, xa que, coma sempre, Reny fai o agosto cando aos produtores non lles vai ben.

A estas alturas coñecemos ben a forma de traballar desta empresa asturiana, tendo os gandeiros moi mala imaxe dela, porque non sempre cumpren os seus compromisos, por iso á sede de Feplac Galicia nos chega algún contrato desta empresa ,por suposto sen homologar, co fin de que estudiemos o seu incumprimento.

Proba da pouca aceptación que ten o Sr. Rodríguez neste sector é que os propios gandeiros asturianos chegaron a impedir que poidera dar un pregón na súa terra, concretamente no concello de Santa Eulalia de Cabrales co gallo da festa do arroz con leite, onde foi abucheado por máis dun cento de gandeiros que irrumpiron no acto con cornetas e pancartas con lemas agresivos e insultantes cara a súa persoa, véndose obrigado a saír do recinto escoltado pola Garda Civil e Protección Civil. Supoñemos que os que organizaron o evento e o elixiron para dar o pregón porque non o coñecían nin a él nin o carácter dos gandeiros asturianos, ¿ou faríano a sabendas?.

Ao Sr. Rodríguez gústalle alardear de competitividade e dar clases de inxenuidade, buscando sempre mercados culpables, todo menos descubrir os motivos reais que xunto coa súa ambición lle axudan a facer as contas de resultados que fai. Expoñente desta actitude, e para que entendan un pouco como acada eses resultados co seu equipo de secuaces, véxase:

Dende fai un tempo, este señor, a través dunha marca, compra leite en Polonia (país integrado na CEE), coa calidade característica de alí, pois é sobradamente coñecida

a calidade dos produtos procedentes dos países do leste, por certo, interesaríanos moito que a este respecto se pronunciase o anteriormente chamado Ministerio de Agricultura, e nos informara sobre os controles de calidade que se lles fai a estes produtos para entraren no mercado español, sobre todo do leite que é o que a nós nos preocupa e interesa.

Outra das súas estratexias é a compra a primeiros compradores e a determinadas cooperativas que son rexentadas por xerentes incompetentes, (só algúns), ben pagados, que ante a incapacidade de colocar no mercado o seu produto a un prezo digno véndenlla ao sr. de Reny a un prezo inferior ao do mercado, facilitando a labor das grandes industrias de conquistar produto a precio baixo co conseguinte prexuízo aos produtores directos.

Non só ao sr. Rodríguez lle vai ben con esta táctica, senon que hai cooperativas que venden leite a algunha fábrica queixeira de Castela a 0,34 €/l incluído o transporte. ¿Cómo se organizan estes xerentes para manter aos gandeiros membros se non é mezclando unhas contas con outras, ou sexa piensos, abonos, carburantes, subvencións, etc.? doutro xeito, non poderían manter o asociacionismo que pregonan e precisan para comercializar de esta maneira.

Todo isto que acabamos de relatar seguro que vai molestar a algúns, que non tardarán en manifestarse dicindo que o que facemos é alarmar. Nembargantes analizamos moito o que escribimos é está baseado en datos reais. Se a administración e os representantes das cooperativas non se manifestan sobre isto, nós, que muximos a vaca, imos coa verdade por diante mal e a que lles pese aos que teñen o leite seguro.

Finalmente, tampouco imos calar sobre a verdade dos prezos é aínda que algunha empresa dí que coa baixada de marzo e abril tocaron fondo o certo é que máis de unha ha de seguir baixando en maio outro céntimo, para axustar as contas, debido ao que eles dín que pasa no sector. As baixadas medias entre xaneiro e abril deste ano estiveron entre 8 e 9 céntimos, agás Lactalis que se situa en 9,7 céntimos; por suposto sempre sen avisar aos gandeiros.

XUNTANZA ABRIL 2008

O pasado 23 de abril de 2008 celebrouse na Casa da Cultura do Concello de Mesía a primeira xuntanza convocada para os socios de FEPLAC GALICIA dende a elección da nova xunta directiva, en xaneiro deste mesmo ano.

A reunión dirixida pola xunta directiva, que ademáis contou coa presenza do Presidente de FEPLAC nacional, Sr. Herrero Conejo, deu comezo coa presentación do equipo humano contratado por FEPLAC GALICIA para a oficina sita na cidade de Compostela, un Enxeñeiro Técnico Agrícola, unha Administrativa e unha Letrada, todos eles a disposición dos socios para atendelos e asesoralos convintemente no desenvolvemento da súa actividade, para que día a día o sector conte cun maior grao de profesionalidade.

Asemade foi presentada a páxina web da asociación, www.feplac.net, aínda en pleno proceso de perfeccionamento, que ten por obxecto aportar toda a información de interese para os socios, novas de prensa, artigos, subvencións, normativa, así coma servir de ferramenta para que os socios fagan chegar as súas suxerencias ou queixas, anunciar compras e vendas de produtos, en definitiva, achegar os servizos da nova era tecnolóxica ao sector.

O Presidente, Xaquín López Ares, resumiu para os socios os resultados acadados nas diversas reunións que a xunta directiva mantivo con distintos órganos da Xunta de Galicia, encontros, que agás algunha excepción, tiveron unha acollida positiva, coa firme promesa de colaborar con nós na solución dos problemas que afectan ao sector lácteo na nosa comunidade.



Xunta directiva de Feplac-Galicia e Presidente de Feplac nacional

Tamén se fixo mención á existencia dun conxunto de medidas de axudas ao desenvolvemento rural, denominado programa LEADER, xestionado por AGADER, organismo dependente da Consellería de Medio Rural, no que FEPLAC interesou a súa inclusión como asociación, pero onde a participación debe ser directa por parte dos socios, xa que vai destinado ás entidades que desenvolvan a súa actividade nunha área territorial concreta, o que eles chaman Grupo de Desenvolvemento Rural, GDR, e desexen implicarse no programa concreto do seu territorio.

Xa que logo, FEPLAC informa aos socios da existencia deste programa, pero son eles mesmos quen, en colaboración con outras entidades do seu mesmo territorio, deben organizarse e valorar as necesidades concretas do lugar onde desenvolven a súa actividade. A idea deste programa é que sexan os propios interesados os que valoren as necesidades e, en función diso, soliciten as axudas pertinentes á Administración, deixando de ser simples destinatarios para se converter en protagonistas, segundo refire a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Por outra banda e debido á imposibilidade de chegar a un acordo coas industrias lácteas en canto ao establecemento dun prezo mínimo para o

leite, solicitamos da Consellería de Medio Rural que, con carácter provisional se adoptasen como referencia as bases e prezos establecidos pola Interprofesional Láctea Francesa, cun bó funcionamento fora de toda dúbida, e así, se establecese o prezo do leite que aquela ten adoptado, incluíndo os retornos ou primas correspondentes, máis un incremento de 0,051 cent. de euro por litro en concepto de plus de transporte, considerando que o noso país importa unha cantidade importante de leite procedente de Francia, e que se calcula facendo unha media das distancias xeográficas que teríamos que asumir. Segundo fixo saber o Presidente de FEPLAC GALICIA nesta xuntanza, esta proposta, única no sector, en principio tivo boa acollida na

Consellería e agardamos que, con independencia dos recentes movementos relativos á confección dun contrato homologado, que será obxecto de tratamento aparte, teña a súa repercusión positiva.

Abordouse tamén o incremento da cuota láctea en tódolos países da Unión Europea, deixando clara a postura de FEPLAC que non é outra ca de non apoiar un incremento lineal igual para tódolos estados membros, debendo ser consideradas as particularidades da produción en cada un deles podendo evitar así, entronas consecuencias deste sistema, que países con excedente poñan en práctica técnicas comerciais ilícitas, como é o dumping.

Outro tema que ocupou, e preocupou, a

reunión, foi a intención de argumentar ao conxunto de socios presentes, o motivo polo que FEPLAC non avala o método da agresividade e falta de respecto que presidiron as recentes protestas e manifestacións contra a baixada do prezo do leite, protagonizadas por outras organizacións; tanto o Presidente de FEPLAC nacional coma o de FEPLAC Galicia, deron boa conta do trasfondo que clarea tra-los aparentes intereses doutras organizacións e deixaron evidencia de que os criterios de traballo da nosa organización baséanse no diálogo, no coñecemento e na profesionalización do sector lácteo, fórmulas que, malia non ter a repercusión mediática que perseguen outros, acadan efectos seguros a longo prazo.



¿ ESTÁ EN DÚBIDA A CONTINUIDADE DO SISTEMA DE COTA LÁCTEA ?

Nos últimos tempos anúnciase a liberalización do sector lácteo coa desaparición do sistema da cota láctea entre os anos 2014 e 2015.

Malia que a Ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, dona Elena Espinosa, asegurou que é prematuro dar por feita a desaparición da cota láctea, e que en todo caso, “se precisarían anos dunha aterrizaaxe suave” na que os estados membros tivesen unha ampla marxe de decisión, o certo é que a Comisaria de Agricultura da UE, dona Marianne Fischer Boel, ven anunciando dende fai máis dun ano que é practicamente segura a desaparición do sistema de cotas, e adelantou asemesmo que serán os estados membros da UE quenes articulen as medidas necesarias para organizar o sector lácteo antes da desaparición.

Xa que logo, nada é seguro pero todo é posible; por iso, e ante a falla de información concreta procedente do Ministerio, adiantámonos a lle solicitar que de maneira inmediata procedesen a sentar as bases necesarias para a apertura dun novo Plan de Abandono Lácteo, para que os gandeiros poidan planificar con tempo o futuro das súas explotacións e, se fose a súa elección saír do mercado, minimizar na medida do posible o inevitable prexuízo económico.

Por outra banda e visto que o Ministerio non é quen de organizar un sistema que permita a estabilidade nos prezos do leite, dabondo para soportar os custes de produción e a inversión de traballo do propio gandeiro, nen un prezo razoable para o consumidor, tamén lle solicitamos que, cando menos, no caso de facerse efectiva a desaparición das cotas, sexa capaz de estruturar un sistema indemnizatorio que palíe os efectos negativos que provocará nos produtores, quenes, por enriba de vir soportando a crise actual do sector, deberán atender, moitos deles, á financiación contraída para obter licencias de produción e que aínda non conqueriron amortizar.

Desta solicitude presentada diante do actual Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, demos traslado á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, para que, dentro dun marco de colaboración co goberno central, se articule un sistema de axudas con idénticas pretensións ás solicitadas por FEPLAC diante do Ministerio. Foille transmitida a preocupación do sector ante a incertidume que provoca a posible desaparición do sistema de cota láctea e agardamos o seu apoio e cooperación.



CAIXA RURAL GALEGA

AXUDAS

INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL

O pasado 16 de maio reuníronse no Consello Galego de Relacións Laborais, baixo a dirección do seu presidente, D. Demetrio Fernández López, a Confederación de Empresarios de Galicia (Feplac representando ao sector gandeiro) e os sindicatos de base, co fin de determinar a taxa de estabilidade no emprego que deben acadar as empresas pertencentes aos sectores de actividade para poder acceder aos incentivos que se establecen na orde da Consellería de Traballo que se publicou no DOG do 26 de maio do 2008, fixándose como taxa mínima:

- o 72,5% nos sectores agrícola, gandeiro, caza e actividades dos servizos relacionadas con elas.
- o 62% nos sectores de explotación forestal, silvicultura e actividades dos servizos relacionadas con elas.

As subvencións rexeranse, en liñas xerais, do seguinte xeito:

1) **Obxeto:** Fomentar a creación de emprego fixo e de calidade a través do estímulo e o apoio ao cambio estrutural dos cadros de persoal cara a un maior nivel de estabilidade.

2) **Beneficiarios:** Empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos, sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica.

3) **Requisitos:** Plans empresariais de estabilidade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade, serán subvencionables ao abeiro destes plans as contratacións que se realicen en Galicia no período comprendido entre o 1 de outubro de 2007 e o 30 de setembro do 2008, que no seu conxunto acaden como mínimo os seguintes resultados:

- Acadar a taxa de estabilidade mínima establecida no acordo.
- Que se produza un incremento do emprego fixo que supere a media acadada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.
- Que se produza un incremento neto do emprego total respecto a media adacada no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e 30 de setembro de 2007, no suposto de contratacións indefinidas iniciais.
- En ningún caso as contratacións indefinidas realizadas poderán implicar unha diminución da totalidade da plantilla no período 1 de outubro de 2006 e 30 de setembro de 2007.
- O período mínimo de contratación será de tres anos

4) **Exclusións:**

- Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e familiares ata o 2º grao inclusive, agás o empregador autónomo que contrate por conta allea a fillos menores de 30 anos; ou empregador autónomo sen asalariados que contrate un só familiar menor de 45.
- Traballadores que xa prestasen servizos na empresa ou empresas vinculadas co titular nos 24 meses anteriores á contratación.
- Traballadores que tiveran contrato indefinido tres meses antes da contratación, agás que foran despedidos de forma improcedente.
- Non serán subvencionables as transformacións en indefinidos cando se faga en cumprimento das obrigas legais.

5) **Accións subvencionables:**

- Contratacións indefinidas iniciais realizadas con persoas traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego.
- Conversiones en indefinidos de contratos temporais ou de duración determinada celebrados con anterioridade á entrada en vigor da orde, calquera que sexa a modalidade obxeto da transformación. Esta limitación temporal non será de aplicación cando se trate de transformación de contratos formativos, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación ou de interinidade.

6) **Contía:**

1.- Contratacións indefinidas realizadas para acadar a taxa de estabilidade sectorial mínima e ata dita taxa incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a inicial:

- 3.000€ por contratación indefinida inicial, ata 3.750€ se son mulleres.
- 2.500€ por transformación de contratos temporais en indefinidos, ata 3.250€ se son mulleres.

2.- Contratacións indefinidas cas que se acade unha taxa de estabilidade superior á taxa de estabilidade mínima incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a inicial:

- 4.500€ por contratación indefinida inicial, ata 5.500€ se son mulleres.
- 3.750€ por transformacións de contratos temporais en indefinidos, ata 4.500€ se son mulleres

O prazo de presentación de solicitudes remata o 31 de xullo de 2008.

AXUDAS PARA PROMOVER A AFILIACION A SEGURIDADE SOCIAL DAS PERSOAS TITULARES OU COTITULARES DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.

Beneficiarios:

1.- Persoas cotitulares de explotacións agrarias incorporadas no réxime especial agrario da seguridade social, sempre que se incorporasen a partir do 1 de xaneiro de 2006 e que o cónxuxe, cotitular da explotación, estea de alta no réxime especial agrario

2.- Persoas incorporadas ao réxime especial agrario, como traballadores por conta propia, sempre que se incorporasen entre o 1 de agosto de 2007 ata o 31 de decembro de 2007 e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación, sempre que éste estea acollido ao réxime especial agrario

3.- Persoas incorporadas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial agrario, que se incorporasen a partir do 1 de xaneiro 2008 e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria que se atope dado de alta no citado réxime e sistema especial.

Nestos tres supostos deberán, ademáis, ter 40 anos ou menos no momento da incorporación, e ser beneficiarias da redución estatal do 30% das cotas á Seguridade Social.

4.- Mulleres incorporadas ao réxime especial agrario a partir do 1 de xaneiro do 2006 ou incorporadas a partir do 1 de xaneiro do 2008 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial agrario, sempre que:

Teñan 41 ata 45 anos

Que sexan cónxuxes ou parentes do titular da explotación agraria que se atope dado de alta no citado réxime e sistema especial.

5.- Mulleres de 45 anos ou menos incorporadas ao réxime especial agrario a partir do 1 de xaneiro de 2006 ou incorporadas a partir do 1 de xaneiro de 2008 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial agrario, que accedan a titularidade da explotación agraria:

Por un proceso de separación ou divorcio

Tras o falecemento, xubilación ou incapacidade do cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive.

Que se incorporen a unha explotación familiar en marcha cando o seu cónxuxe cause baixa no réxime especial agrario, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios ou autónomos.

Axudas:

1. A axuda para as persoas beneficiarias incluídas nos supostos reflexados nos puntos 1, 2 e 3 consistirá no aboamento do 20 por 100 da cota por contingencias comúns de cobertura obrigatoria, conforme a isto a axuda correspondente ao ano 2007 será de 30,05 euros mensuais, e a correspondente ao 2008 será de 30,65 euros mensuais.

Nestos tres casos esta redución do 20% ten como finalidade complementar a rebaixa do 30% establecida polo Estado, acadándose, coa suma de ámbalas dúas, unha redución total do 50%.

2. A axuda para as mulleres incluídas nos supostos reflexados nos puntos 4 e 5 consistirá no aboamento do 50 por 100 da cota por contingencias comúns de cobertura obrigatoria, neste caso a axuda correspondente ao ano 2007 será de 75,12 euros mensuais, e a correspondente ao 2008 será de 76,62 euros mensuais.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de setembro de 2008

DEVOLUCIÓN EXTRAORDINARIA DO IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS AOS AGRICULTORES E GANDEIROS 2006-2007

Está aberto o prazo para presentar na Axencia Tributaria as solicitudes de devolución extraordinaria das cotas do imposto sobre hidrocarburos soportadas polos agricultores e gandeiros polas adquisicións de gasóleo no período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007. Estas deberán presentarse de forma telemática a través de internet antes do 30 de xuño de 2008, na dirección electrónica www.agenciatributaria.es.

Teñen dereito a esta devolución os agricultores e gandeiros inscritos no Censo de Obrigados Tributarios do Ministerio de Facenda, que no citado período tiveran dereito ó emprego de gasóleo bonificado para uso agrícola e que efectivamente fora usado como carburante na agricultura, incluída a horticoltura, gandeiría e silvicultura.

Os beneficiarios deberán estar en posesión das facturas acreditativas de cada suministro incluídos na solicitude e conservarlas durante un período de catro anos.

O importe a devolver será aproximadamente de 78 € por cada 1.000 litros de gasóleo

Agricultura inteligente

clever farming



El sistema ISOBUS de Pöttinger

- sistema de conexión rápido y sencillo
- para utilizar con los principales fabricantes de tractores
- un solo mando de control para todos los aperos
- posibilidad de utilizar a través del mando del tractor
- comodidad de uso
- infinidad de funciones adicionales



Durán Maquinaria Agrícola s.l.
Carretera N-640, km. 87,5 - 27192 LA CAMPINA (Lugo)
Tel.: 982.22.71.65 - Fax: 982.25.20.86
E-mail: info@duranmaquinaria.com
www.duranmaquinaria.com


PÖTTINGER
www.poettinger.es